



PROGRAMACIÓN BIBLIOTECA 22-23

ACTUACIÓN DO IES N1 A ESTRADA

DATOS IDENTIFICATIVOS

Centro: IES Nº 1 da Estrada

Enderezo: R/ da Piscina, s/n, 36680 A Estrada
(Pontevedra)

Tfno.: 886 15 10 31

Coordinadora:

Souto Espasandín, Mónica

Incorporación ao PLAMBE curso 2011-2012

PLAMBE 7

Organización e funcionamento da Biblioteca

Constitución do equipo

- Coordinadora: Mónica Souto Espasandín (Departamento de Lingua castelá)
- Membros:
 - Mato Bustelo, Mónica (Departamento de Francés)
 - Quintela Rúa, Beatriz (Departamento de Lingua galega)
 - Cerqueiro Landín, Román (Departamento de lingua galega)
 - Garaboa Vázquez, Patricia (Departamento de Orientación)
 - Sanmartín Enríquez, Javier (Departamento de Educación Física)
 - Bao Cebeiro, Lurdes (Departamento de Orientación)
 - Iglesias Rodríguez, Janet (Departamento de Matemáticas)
 - Blanco Gómez, Rosario (Departamento de Xeografía e Historia)

Horario de funcionamento da Biblioteca

A Biblioteca Escolar estará aberta para toda a comunidade educativa durante os recreos. O equipo de dinamización contará cun total de 9 horas de liberación horaria, ademais das gardas de biblioteca durante os recreos, para adicalas a esta función.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35					
9:35-10:25					
10:25-10:45	<i>r e c r e o</i>				
10:45-11:35					
11:35-12:25					
12:25-12:45	<i>r e c r e o</i>				
12:45-13:35					
13:35-14:25					
16:30-17:20					
17:20-18:10					

Ademais, a Biblioteca estará aberta en horario de mediodía, dous ou tres martes ao mes, en función das necesidades, xa que é aí onde se realizan as sesións dos clubs de lectura e do club de teatro, iniciativas que parten e/ou coordinan os diferentes membros do equipo da Biblioteca.

Concreción anual do plan

En relación á organización e xestión:

1. No tocante ao equipo da biblioteca:

- Renovar as baixas e, se é posible, aumentalo.
- Manter a hora de coordinación semanal para así poder planificar as actividades.
- Asignar responsabilidades a cada integrante do equipo.
- Promover entre o Equipo a realización de cursos relacionados coas Bibliotecas.

2. No tocante aos fondos:

- Aumentar os fondos da nosa Biblioteca, atendendo nomeadamente ás demandas do profesorado e do alumnado, así como ao Plan Lector.
- Rematar o proceso de catalogación centralizada no Meiga ao Koha, e rexistrar os fondos documentais que hai no centro, así como todas as novidades que se vaian adquirindo.
- Continuar coa reubicación dos fondos, para lograr unha mellor distribución do material existente e co expurgo de material obsoleto e/ou carente de interese na biblioteca.
- Ubicar dous novos tipos de fondos: Igualdade e Portugués.
- Seguir xestionando a caixa de suxestións para as compras.

3. Con respecto aos usuarios:

- Actualizar os carnés da biblioteca, coa incorporación dos novos usuarios.
- Concienciarlos no respecto ás normas de uso da biblioteca.
- Implicar o alumnado na organización das actividades e no funcionamento da biblioteca.
- Facilitar a utilización da biblioteca para o desenvolvemento de traballos e proxectos.
- Ofrecer na Biblioteca actividades de interese para o alumnado: xadrez e outros xogos.
- Facilitar o préstamo online e o acceso aos libros dixitais.

4. No relacionado coa coordinación:

- Manter a coordinación co Equipo de Normalización na planificación e execución de certas actividades de dinamización.
- Colaborar coa ANPA para difundir entre as familias os fondos existentes, así como para darlles a coñecer as normas de uso e funcionamento.
- Reforzar a colaboración coas titorías e continuar coa do Departamento de Orientación, para dar a coñecer o funcionamento e organización da Biblioteca entre a comunidade educativa.
- Retomar a colaboración coas bibliotecas dos centros de ensino da localidade, tanto na organización de actividades como no uso compartido dos fondos.
- Recuperar a colaboración coa rede de Bibliotecas Estradenses en certos aspectos relacionados coa xestión e préstamos dos fondos.

En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

1. No tocante á promoción e difusión dos recursos:

- Promocionar a Biblioteca para que sexa o lugar onde se realicen as actividades deseñadas polos distintos grupos de traballo do noso centro.
- Difundir as actividades da Biblioteca con carteis nos corredores, no taboleiro da biblioteca, na páxina web, no blogue, nas redes sociais e tamén na prensa, como se vén facendo xa.
- Incorporar na páxina web ligazóns aos recursos electrónicos relacionados coas distintas áreas do currículo para apoiar as actividades ALFIN desenvolvidas polos departamentos.
- Informar o profesorado a través do correo, na CCP, nos claustros e por WhatsApp.

2. Con respecto ao desenvolvemento do currículo e das competencias básicas:

- Colaborar cos departamentos para o desenvolvemento das actividades, facendo que a Biblioteca sexa o lugar de referencia para a súa programación, elaboración e posta en marcha.
- Dotar a biblioteca dos recursos necesarios para unha educación en igualdade, contribuíndo a superar as diferenzas económicas ou sociolóxicas existentes.
- Incrementar fondos que contribúan á adquisición das competencias básicas e a unha sociedade máis xusta e igualitaria (educación para a igualdade de xénero, educación para a paz...).
- Expoñer as lecturas recomendadas polos distintos departamentos.
- Achegar ao alumnado e ao profesorado recursos e materiais de interese.

3. A respecto da contribución á alfabetización múltiple:

- Xestionar e promocionar o material dixital que contribúe á alfabetización múltiple.
- Promocionar a consulta de xornais, tanto en papel como a través da web.
- Promover ente o alumnado os xornais “O Papagaio” e Nós Diario.
- Facilitar ás titorías unha listaxe das películas do noso catálogo, así como as unidades didácticas dispoñibles, nomeadamente aquelas que desenvolven temas transversais.
- Fomentar a recomendación de lecturas e continuar coa selección de itinerarios lectores.
- Priorizar na biblioteca o acceso a Internet entre o alumnado que carece deste recurso na casa.

En relación coa formación de usuarios e adquisición de competencia informacional

1. No tocante á formación de usuarios:

- Continuar co labor de formación de usuarios da nosa biblioteca, desenvolvendo actividades específicas para o alumnado de 1º ESO e para os outros cursos.
- Difundir o folleto de uso e préstamo nas titorías, axuntando o plano da Biblioteca.

- Fomentar a participación do alumnado no servizo de auto empréstito e nas actividades e concursos propostos dende a biblioteca.
- Potenciar talleres e charlas para os distintos niveis educativos sobre algún dos aspectos relacionados coa Biblioteca: *Proxecto Lector, Formación de Usuarios, uso do KOHA...*

2. No tocante á adquisición da competencia informacional:

- Coordinar actividades na biblioteca relacionadas coa busca e tratamento da información.
- Facilitarlle ao alumnado a adquisición da competencia dixital co uso dos ordenadores ao seu dispor na Biblioteca do centro, tanto para os seus traballos como para as súas buscas na rede.
- Difundir os medios informáticos desde onde buscar os fondos da Biblioteca, e os materiais que permitan acadar unha maior competencia no tratamento da información.
- Potenciar a creación dun grupo de traballo, ou seminario permanente, sobre algúns dos aspectos a traballar na Biblioteca (formación de usuarios, proxecto lector, MEIGA, etc.) dentro do profesorado.
- Promover a participación responsable do alumnado nos espazos web (blogue, páxina, redes sociais) baixo a supervisión do profesorado e as familias.
- Difundir materiais con pautas sobre a busca eficaz de información, sobre o contraste de fontes informativas e sobre o recoñecemento de *fake news*.

En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro

1. No tocante ao desenvolvemento do PLC:

- Desenvolver o Proxecto Lector aprobado e realizar propostas para a súa revisión, actualización e mellora, recollendo as modificacións.
- Recolleranse os plans lectores dos departamentos, para desenvolver o PAL (Plan Anual de Lectura).

2. En relación co fomento da lectura e escritura:

- Divulgación dos fondos existentes, ampliándoos e modernizándoos, atendendo á diversidade de gustos e ás diferentes necesidades dos Departamentos didácticos.
- Continuar coa Biblioteca de aula e coas Lecturas de aula, para que todo o alumnado teña a posibilidade de desenvolver as Gardas lectoras.
- Introducir nas aulas un Caderno de viaxe que permita ao alumnado avaliar o seu propio traballo de lectura individual na aula.
- Organizar certames (relatos, contacontos, poesía, fotografía...) para contribuír á mellora da expresión oral e escrita e sentir a literatura como unha actividade gozosa.
- Propoñer itinerarios lectores axeitados a cada nivel de secundaria, elaborando unha listaxe de material da biblioteca (narrativa, poesía, cómic, teatro, películas).
- Elaborar guías de lectura para as vacacións, que axuden a coñecer os fondos dun xeito atractivo e faciliten a elección por parte do alumnado.

- Favorecer a lectura, flexibilizando o número de exemplares prestados, se for preciso.
- Continuar co club de lectura “Carballeira N1” como unha das actividades máis importantes de fomento e animación á lectura, con case 30 alumnos/as inscritos.
- Continuar co club de teatro, actividade que fomenta tamén a lectura, a creatividade e a expresión oral.

En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

- Incluír na programación da biblioteca escolar actividades que fomenten valores inclusivos e adoptar metodoloxías que atendan a alumnos e alumnas con dificultades educativas.
- Coordinar prácticas e actividades que respondan á diversidade do alumnado para conseguir a súa inclusión social e académica.
- Desenvolver programas de lectura e escritura que apoien o estudo e a mellora no rendemento dos seus usuarios/as, eviten a exclusión e favorezan a participación.
- Desenvolver proxectos de apoio á mellora da lectura e da escritura de alumnado con NEE.
- Facilitar o acceso no centro a alumnado con mobilidade física reducida ou con limitacións visuais.
- Na selección da colección dos fondos, atender á adquisición de audiolibros, obras editadas en braille, lecturas adecuadas a alumnos con NEE....
- Ofertar ao alumnado inmigrante proxectos e programas que faciliten os seus procesos de lectura e escritura e a súa alfabetización informacional; desenvolver Accións de Mediación Intercultural e deseñar actividades de fomento de lectura nas que todos e todas poidan participar.
- Traer experiencias que divulguen a integración e a diversidade.

Outras actuacións

- Habilitar a Biblioteca para fins diversos, facilitando o seu uso para actividades específicas.
- Participar nas conmemoracións e celebracións do centro (*Día da Ciencia; Día da Non Violencia contra as mulleres; Día da Muller; Día do Libro; Día das Letras Galegas...*). Para iso realizará actividades tales como: exposicións; certames de lectura, escritura, fotografía, oralidade...; vídeos e presentacións; conferencias e actuacións; traballos de aula; etc. Procurarase a colaboración cos departamentos e o Equipo de Dinamización, e a participación activa do alumnado.
- Habilitar no centro escolar espazos de música e de cine, para que o alumnado poida empregar os fondos existentes na biblioteca. Anunciarase o filme e a música escollida.
- Dinamizar mensualmente a Biblioteca, elixindo o autor/a do mes, que será difundido con imaxes, obra etc. para que o alumnado se familiarice con eles e poida recoñecelos en calquera contexto.
- Organizar actividades de dinamización da biblioteca a través de xogos múltiples (*códigos BIDI, en busca do tesouro, Kahoots, pasapalabras, breakouts etc.*).

- Tratar de implicar as familias en actividades deseñadas polo equipo da biblioteca: *Revista viva, Contos e lendas, Oficios e profesións, etc.*
- Valorizar as actividades elaboradas polo alumnado do IES. Habilitaranse espazos dentro e fóra da biblioteca onde quedarán expostos os traballos máis salientables.
- Manter a Microrrede das Bibliotecas Escolares Estradenses, na que participamos todos os centros educativos da Estrada, tanto de primaria como de secundaria, en colaboración co Concello.
- Seguir coa grande colaboración que temos as tres Bibliotecas dos IES estradenses, na organización de actividades para aproveitar recursos materiais e humanos e fomentar experiencias integradoras.

Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán

- O Equipo da biblioteca incluírá na memoria final os datos obxectivos relacionados coa organización e xestión: número de compoñentes do Equipo, horario de atención á Biblioteca, persoas responsables dos diferentes apartados, número de rexistros actualizados no catálogo da biblioteca, número de préstamos realizados...
- Incluíranse na memoria final da Biblioteca todos os aspectos relacionados coa dinamización e promoción dos recursos, a súa integración no currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas: constatar con imaxes a nova distribución dos fondos da biblioteca, a existencia de puntos para a lectura libres, reflectir as distintas actividades deseñadas polo Equipo da Biblioteca ...
- Incluír na memoria final os criterios e procedementos de avaliación levados a cabo para contribuír á formación de usuarios e á adquisición de competencia informacional: constatación do material elaborado e empregado para acadar ese fin e valoración mediante enquisa.
- Incluír na memoria final os criterios e procedementos de avaliación con respecto ao fomento da lectura e ao desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro: convocatoria do L10 (Lector 10) e U10 (Usuario 10) e recoñecemento aos gañadores, convocatoria e posta en marcha de distintos clubs de lectura, tanto en horario escolar como extraescolar.
- Incluír na memoria final da biblioteca todos os criterios e instrumentos de avaliación relacionados con outras actividades desenvolvidas dende a Biblioteca que non foran incluídas en ningún dos apartados anteriores.

A Estrada, decembro de 2022

Coordinadora do equipo da biblioteca

Vº Pr. da Directora

Mónica Souto Espasandín

Beatriz Quintela Rúa